

07 / A G O S T O D E 2 0 0 3 - N Ú M E R O 4 7 8

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

Louro



Fotos das mulleres

Lupe Gómez

Pasei o mes de xullo en Louro. En Louro fun moi feliz co mar e co aire. En silencio. Observando as palabras caladas. A música. Todo estaba cheo de maxia e de vida. Cargueime de forza. Coa miña sobriña Uxía renovei a infancia. As raíces. Tamén estiveron en Louro as vacas, a aldea. Dende Fisteus viñeron as dúas fadas dos montes. Dúas mulleres importantes na miña vida, miña nai e miña tía. A que me deu a vida, e a que me ensinou a escribir. Os ollos verdes da miña irmá Maribel eran moi bonitos e miraban alto. Mirábanme a min, inventando a miña ledicia. Moitas mulleres, nunha casa grande, luminosa, aberta. O sol facía luz nos meus ollos. O mar contoume moitísimas cousas, e eu tamén lle contei todo ao mar. Cada día que pasaba o mar volvíase máis azul e máis bonito. Estaba ferido, pero seguía sendo liberador. Grande. Moi grande. Coa miña nai dei longos paseos pola beira do mar. Con miña nai lembrei moito a meu pai, morto. Ela ten 71 anos, e eran as súas primeiras vacacións, e desfrutaba como unha nena. Uxía facíanos rir e soñar a todas. Facíanos máis libres, facíanos correr, bailar. Coa súa imaxinación aberta e grande. Unha vez estabamos Uxía e eu no mar, e ela miroume e díxome “pareces un barquiño”, e fíxome moita gracia. Aínda non ten os 2 anos, pero xa fala moito. É unha nena moi bonita. Fermosa, como Louro. Como as fotos das mulleres (Foto superior: L’ange aveugle. 1993. Marie-Jo Lafontaine).

Ollos de balea
que me miran no mar,
barcos que xogan nos ollos da nena,
bailando,
atravesando a sala
bonita dos espellos no ximnasio,
COMO DUNAS
sempre no mar,
NA VIOLENCIA
Ese mar azul que me fala
como un dinosauro grande,
como o corpo dos homes
con saia.
Na diferenca da auga azul.
Rompendo os ollos dos peixes.

Sempre estou no bar bebendo
viño, co sal do mar nos ollos.
COS DISFRACES
COS COMETAS

Bailar na sombra do amor,
abrir todas as ventás,
vivir sorprendidos
sempre,
como nenos
que comen todo
e nunca teñen fame.

CUSPIR
Ser como camaleóns,
coa barriga fóra
e o pantalón caendo.
Sempre VOMITANDO
Como peixes espada,
e vai frñio
e corremos.
E damos bicos.
Somos FELICES
VEMOS BARCOS

Rompo todas as figuras da casa.
Non me gusta respectar os adornos.
A miña sobriña baila. Aínda
non ten dous anos.

Rompo as figuras de cera.
Enfróntome, pequeniña, ás momias.

Os hórreos do mar de Louro.
As cores da pelota.
Os cabalos andando pola praia.
As nenas xogando xogos vellos na terraza.

Estou preñada de cancións.
EU BAILO

Somos como nenas por dentro.
Por dentro non estamos atadas.
Hortas e pedras e mar.
A procesión da infancia.
Os vellos autobuses
que me levaban ao colexio.
Moitísimos ideogramas.
Os muros que non caen.
Os logaritmos.

Oír as galiñas AVANZAR MOITO
Aprender os números TATEXAR




Ilustración: The Birthday ceremony (1991). Sophie Calle

E moi linda a nena, a nena non se peitea



**Gústame correr pola praia,
quitarlles os xoguetes aos outros nenos,
ESTOU NAMORADA**

**VE XO BARCOS
E QUERO IR NOS BARCOS
A nena vai nos barcos
QUERE IR**

**O MAR FALA DO AMOR
E DA INCONSCIENCIA
E DAS PINTURAS IMPOSIBLES**

**É COMO SER ELEFANTES
BEBER O HORIZONTE**

**Quero ser acróbata
Subir ás montañas**

O meu estómago era un salón.
El era unha barca.

Tiñamos neurose. Eramos azuuis,
AZUL COBALTO.

Eu era moi delgada.

Ilustración superior: Detalle do abrazo de amor do 'Univer-
verso', á terra. México. 1949. Frida Kahlo

Volto da praia
coa nena no colo,
cantando. ALEGRES.

Soño, e o mar está alto.

Xogar na praia dándolle
patadas moi fortes á pelota,
sacando o pantalón, cun
bañador moi frouxo, moi grande,
ENORME, COMO OS OLLOS DAS
VACAS.

As miradas,
elípticas,
VERDES,
como murais.

A IRONÍA DO ABISMO.
A sátira dos deuses.
O ocaso.
OS BAILES.

Correr con Uxía pola praia
detrás dunha pelota.

Ser libres de novo,
no brillo espontáneo,
ante a mirada
enorme
do mar.


**Miña nai
anda pola praia
coa elegancia da aldea.
PARECE UNHA FADA RISOÑA
Uxía alborota
e chama por ela.**

**Ela vén de lonxe
e está eiquí
coa súa mirada
infantil e sincera.**

**Saqueille unha foto
a miña nai no mar.
Ela e eu
parecíamos vacas.**

**Cando é tarde sangramos
e sentimos avaricia**

Ilustración: 'Leather boots' da serie strippinggirls
(2000) de Marlene Dumas



**Eu cazo gatos no mar.
Os gatos corren moito.
Todo semella bonito e falso.**

**Poñerlles nomes aos monecos.
Deixar que os monecos falen.
Idiomas falsos e marabillosos.**

**Adornamos a tarde
coa luz infantil
dos nosos ollos
violetas.**

**Vou por camiños de pedra.
Fai sol. Merco pan.
Como pan polo camiño.
Cae a tarde.**

**Estou libre
no meu corpo
inventado.**

**Non quero ser guapa.
Non quero ser alta.
Non levo saia.**



O cometa azul
enche os ollos
da aboa.

O cometa azul
enche a praia.

A aboa
nunca
veu un
cometa.

Labradora de pan,
que nunca viu
cometas.

O cometa azul
enche todo.

Non vai frío,
eu levo un pantalón
azul, longo.



Imaxe superior: Historias des petites effigies (1990). Annette
Messenger. Na inferior: Laurie Anderson bailando (Drum Dance 2)

**Miña nai é turista
na praia.
Miña nai é de Fisteus.
Miña nai é libre coma min.
Miña nai non é
de ningunha parte.**

Miña nai camiña
libre e delgada
pola area,
conigo e con
meu pai e soa.
Doe bailar
-hai que bailar moito
na sala chea de espellos,
no azul do mar.

rdl | 7




Namoreime, e chovía,
e os paxaros voaban,
escapaban.

**Miña nai despediuse
paseando moito polo mar.**

Non paraba de pasear.

**Paseaba e paseaba
e non falaba.**



**Saír gorda nas fotos das vacacións non
importa.**

A nena engordou en Louro.

8 | **r d l**
Galicia Hoxe 07/08/03



**Xogos antigos
con Uxía
no mar.
Moitos xogos
que consistían
en ser feliz
e voar.**




A Multitude



Redes e acción

É, para Toni Negri, autor de 'Imperio' xunto a Michael Hardt, a que substituirá as masas de traballadores na era da tecnoloxía e a globalización, un novo estadio do renacemento humano que permitirá continuar a loita pola transformación e a liberación da sociedade. É tamén para Howard Rheingold, o autor de 'Smart Mobs', a que deberá afondar no coñecemento dos colectivos sociais e, termada das tecnoloxías móbiles, redescubrir unha nova forma de cooperación. Trátase da Multitude, suma de individualidades e práctica consciente que Negri opón ó dogmatismo do poder dos estados e Rheingold converte nos amos de si mesmos e da súa propia acción, capaces de mobilizarse fronte á dictadura das empresas monopolísticas e dun modelo de negocio controlado polo pensamento único. Á Multitude achegámonos en 'Revista das Letras' a través de distintos textos que nos indican novos usos tecnolóxicos e novas formas de creación. Entre estes textos, inclúese a primeira tradución ó galego de Rheingold e do concepto de cidadán que el desenvolve na súa obra.



Mob(ilización)

Alejandra Villasmil

Un novo fenómeno, sen propósito evidente, esténdese de Nova York a varias cidades do mundo: as congregacións multitudinarias organizadas e convocadas por correo electrónico, en lugares inesperados e para realizar actos insólitos. Trátase do fenómeno mob ou de multitude, creado en Nova York por un suxeito chamado Billy que, a través do correo electrónico, cita os seus amigos nun determinado lugar, onde reciben instrucións para entón acometer algunha acción.

A última convocatoria en Nova York, o xoves pasado, tivo como escenario a xigantesca xoguetería Toys R Us, en Times Square, unha das zonas turísticas máis concorridas da Gran Rueiro. Unhas 300 persoas congregáronse na tenda para observar abortas un enorme dinosauro de xoguete, que logo se tiraba ó chan berrando e axitando as súas mans ó aire. Cando o persoal do establecemento correu a chamar ós gardas de seguridade, a multitude xa se espallara e outro evento mob se materializara.

"A idea é miña, pero non me considero o líder do mob", escribiu Billy nun dos seus correos. Algúns observadores deste fenómeno afirman que o que fai Billy non é estritamente novidoso. Uns lembran que en 1960 o comentarista de radio Jean Shepherd fixo un chamamento ós seus oíntes para que se congregasen nun lugar e a unha hora específicos e, cando apareceu a Policía, ninguén puido explicar qué facía alí esa multitude.

Outros asociaron o fenómeno ás protestas contra a globalización que se efectuaron en Washington e Seattle, cuxos organizadores usaron un concepto similar para aglutinar masas. Sen embargo, mentres algúns participantes destes eventos din que o proxecto podería servir como proba piloto para manifestacións políticas, a maioría espera que o fenómeno mob non se "contamine".

Howard Rheingold, autor do libro *Smart Mobs: The Next Social Revolution*, reconece que as comunicacións móbiles poden chegar a coordinar ac-

cións colectivas e pon como exemplo o caso da caída do réxime de Joseph Estrada en Filipinas.

Mike Epstein, un novaiorquino que colocou no seu sitio en internet (www.satanslaundromat.com) unha crónica do evento en Times Square, opina que a popularidade dos mob non definen de forma clara as súas motivacións. O fenómeno é, como diría outro participante, "como estar nunha protesta, pero sen a política", unha manifestación que combina a arte do 'performance', a comedia do absurdo e o arremedo social.

Os eventos, ademais, só se dan a partir de correos electrónicos entre coñecidos, o que os fai case segredos e, en certa forma, controlados. En Nova York, por exemplo, xa se realizaron seis. Un tivo lugar no Hotel Gran Hyatt, onde ducias de persoas aplaudiron durante 15 segundos e se marcharon despois, mentres que en Central Park unha multitude cantou como paxaros antes de se espallar.

Na tenda Macy's, unhas 200 persoas exasperaron a un vendedor cando lle dixeron que buscaban unha alfombra para a enorme casa na que todos vivían.

Ós 10 minutos da petición de axuda en masa, os supostos compradores marcharon sen dicir palabra.

Outros eventos leváronse a cabo en Dallas, San Francisco, Zúric e Berlín.

Tamén en Roma 300 persoas invadiron unha librería, preguntaron a un vendedor por títulos de libros inexistentes, aplaudiron durante 15 segundos e desapareceron despois. É incerto canto máis poderá manterse en pé este fenómeno, que opera de forma clandestina e en ocasións atraeu as autoridades. Tampouco se coñecen as súas motivacións nunha cidade como Nova York, onde a maioría dos seus habitantes acostuma buscar unha explicación lóxica a cada acción emprendida. É nesta cidade, sen embargo, onde as excentricidades están á orde do día.

Miles de persoas posaron para os espídeos do fotógrafo Spencer Tunick. As súas fotos ilustran este artigo e mais a portada do suplemento.

'Marcos, o guerrillero carismático que converteu Internet en arma', é o título do artigo onde a xornalista Verónica Sanz volve sobre cómo a rede lle serviu ó líder revolucionario para pór sobre o tapete as precarias condicións de vida dos indíxenas de Chiapas en momentos nos que México se presentaba como exemplo de desenvolvemento en Latinoamérica.



Marcos

Verónica Sanz


Chegou por primeira vez á Selva Lacandona a principios dos oitenta e durante unha década xestou o movemento indíxena que fixo súas demandas de "terra e liberdade" do lendario revolucionario mexicano Zapata. Hoxe o 'subcomandante Marcos', líder do Exército Zapatista de Liberación Nacional

(EZLN), é un carismático guerrilleiro que, coa axuda de Internet, difundiu por todo o mundo a súa revolución e colocou o tema indíxena na axenda internacional. Tras varios meses de silencio, Marcos volve a acaparar estes días a atención pública pola reorganización da zona de influencia zapatista en Chiapas.

O 'subcomandante Marcos', líder do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN), é un carismático guerrilleiro que, coa axuda de Internet, difundiu por todo o mundo a súa revolución e colocou o tema indíxena na axenda internacional. Tras varios meses de silencio, Marcos volve acaparar estes días a atención pública pola reorganización da zona de influencia zapatista en Chiapas. O 'sub', como se coñece popularmente, mantivo un veo de misterio desde a súa aparición en San Cristóbal das Casas o 1 de xaneiro de 1994 á fronte dun grupo de indíxenas encapuchados armados con fusís de madeira, paos e vellos AK-47. Nin sequera a revelación da súa identidade por parte do Goberno do presidente Ernesto Zedillo en 1995 logrou que se esvaece a incógnita que rodea a este guerrilleiro exitoso no manexo da pluma e os medios de comunicación. O mesmo dedicouse a alimentar o enigma no transcurso dos anos dando pistas falsas sobre a súa vida. Desde o corazón da Selva Lacandona de Chiapas, 'Marcos' logrou despertar sentimentos encontrados na opinión pública. Para algúns, é un pioneiro dos movementos antiglobalización, pois o alzamento do EZLN coincidiu coa entrada en vigor do Tratado de Libre Comercio de América do Norte (México, EEUU e Canadá). Para outros, sen embargo, non é máis que un guerrilleiro virtual e un produto de marketing que se vale das desgracias dos indíxenas para obter popularidade. Segundo a versión oficial, que el non desmente, trala carapucha de 'Marcos' agóchase Rafael Sebastián Guillén, un profesor universitario licenciado en Filosofía e Letras, nado en Tampico (Tamaulipas, norte) o 19 de xuño de 1957.

Guillén estudou nun colexio de xesuítas e é irmán dunha ex deputada do Partido Revolucionario Institucional (PRI). Tanto a información oficial como os datos proporcionados polo propio insurxente coinciden en que este chegou por primeira vez á Selva Lacandona a principios dos oitenta e durante unha década xestoo o movemento indíxena que fixo súas demandas de "terra e liberdade" do lendario revolucionario mexicano Emiliano Zapata. Co alzamento zapatista, 'Marcos' logrou pór sobre o tapete as precarias condicións de vida dos indíxenas de Chiapas en momentos en que México era visto como exemplo de desenvolvemento en Latinoamérica. Os enfrontamentos armados entre o EZLN e os militares mexicanos duraron a penas dez días e deixaron uns 150 mortos, centos de feridos e miles de refuxiados, segundo cálculos extraoficiais. Un mes despois da insurrección, o EZLN abriu un proceso de diálogo co Goberno que rompeu en 1996. A chegada ó poder no 2000 de Vicente Fox, o primeiro presidente de México en sete décadas que non é do PRI, reavivou as esperanzas de alcanzar a paz en Chiapas. Sen embargo, a negativa do Congreso a aprobar no 2001 unha Lei Indíxena reivindicada polos zapatistas botou por terra esta posibilidade. Pese a que nos últimos anos diminuíu o interese internacional pola situación en Chiapas, 'Marcos' segue acaparando atención cos seus comunicados difundidos a través de Internet, nos que fai gala dun agudo sentido do humor. Segundo a analista Raymundo Riva Pazo, 'Marcos' fracasou como guerrilleiro pero politicamente foi exitoso: leva anos xogando co Estado mexicano e alcanzando, aínda que por goleo, os seus obxectivos políticos". O experto en asuntos guerrilleiros Carlos Montemayor subliñou que os zapatistas foron os organizadores das primeiras reunións contra a globalización. Ademais, Montemayor dixo que o principal logro foi "a súa capacidade para se abrir intelectualmente á cultura indíxena". Os xornalistas Maite Rico e Bertrand da Grange, non obstante, cuestionan a orixe do EZLN e opinan que o "sub" usou a causa indíxena como trampolín. No seu libro *Marcos, a xenial impostura*, os xornalistas describen o guerrilleiro como un "mestre da posta en escena" con grandes ambicións que se considera a "reencarnación" do Che.





Multitude elegante

Howard Rheingold

As multitudes elegantes utilizan medios móbiles e as redes de ordenadores para organizar accións colectivas, desde os enxames da xuventude tecnonauta en Asia e Escandinavia ás revoltas cidadás nas rúas de Seattle, Manila, e Caracas. A comunidade de operadores da rede, os webbloggers, os compradores e os vendedores sen fíos eBay son os primeiros indicadores destas multitudes elegantes que emerxerán nesta década. As tecnoloxías da comunicación e da informática, capaces de amplificar a cooperación humana de inmediato, son beneficiosas e destructivas segundo o seu uso: uns utilízana para apoiar a democracia e outros para coordinar ataques terroristas. Nestes momentos, os gobernos decatáronse de que as subculturas abollaron, que naceron novas industrias e que as vellas industrias lanzan os seus contraataques.

Neste fenómeno emerxente existen tanto perigos como oportunidades. Os mecanismos da multitude elegante, as industrias, as normas e as consecuencias sociais están aínda nos primeiros estadios de desenvolvemento, pero evolucionan rapidamente. Os conflitos políticos e sociais de hoxe sobre cómo serán deseñadas e reguladas as tecnoloxías da multitude elegante abren preguntas sobre o xeito no que viviremos nas vindeiras décadas.

Son moitas as novas tecnoloxías que fa posible a multitude elegante e as pezas deste quebracabezas están nestes momentos ó noso redor, pero aínda non se ensamblaron. Os nodos sen fíos de Internet nos cafés, hoteis, e nos barrios, forman parte de todo isto, como tamén o forman os radio chips deseñados para substituír os códigos de barras nas manufacturas ou eses millós de persoas que prestan os seus ordenadores para buscar vida intelixencia no espazo exterior. A calidade dos sistemas utilizados por eBay e Slashdot, e á par a capacidade demostrada por Napster sinalan outras pezas do quebracabezas.

Algúns teléfonos móbiles equípanse xa con dispositivos de localización e cámaras dixitais. Algúns móbiles baratos dispoñen xa de lectores de código de barras e envían e reciben mensaxen por radiofrecuencia da identificación das etiquetas. Algúns están equipados con conexións sen fíos que lles permiten estar conectados continuamente a Internet.

Pronto, nos países industrializados, haberá unha grande cantidade de persoas que estarán acompañados por un dispositivo deste tipo máis tempo do que eles terán realmente para utilizalos en todas as súas posibilidades.

A gran batalla sobre o futuro da multitude elegante abrangue os media e a axencias de goberno están buscando como reimpoñer o réxime da era da transmisión na que privarán ós usuarios da tecnoloxía do poder para crear e deixalos só co poder do consumo. A loita por este poder é a batalla polo arquivo-compartido, a protección de copias ou o regulamento do espectro de radio. ¿As poboacións do futuro serán usuarios, como o son os propietarios dun PC e os creador das webs que revolucionaron a tecnoloxía mediante a difusión da innovación? ¿Ou serán consumidores, dirixidos pola innovación e enconicados na tecnoloxía e nos modelos de negocio dun poder total atrincheirado nos seus intereses?

As compañías telefónicas e os operadores de cable, con enormes investimentos en vellas tecnoloxías, estanse movendo para controlar a quen poida construír empresas en Internet e calquera caste de empresas que podan crear. As custosas subastas do espectro de radio para as comunicacións de móbiles de próxima xeración 3G están ameazadas pola aparición de tecnoloxías radicalmente máis rendibles na forma das redes sen cable dos grupos de base.

O esquema dos anos vinte para o regulamento do uso do espectro electromagnético é introducirse na cuestión da invención da "radio cognitiva" e doutras tecnoloxías sen fíos que poñen bastante máis poder nas mans das comunidades de usuarios que unha central de locutores.

Cinco estudos de Hollywood e as catro compañías xigantes que dominan a industria global de gravación din que están intentando protexer a propiedade intelectual, pero están apoiando unha lexislación e "protección de aparatos" que pechará os ordenadores e Internet nun modelo de pago onde a maioría de usuarios deberán deixar de crear ou de distribuír contidos e servizos online que permitirían crear novas clases de ordenadores ou posibilitando a invención de cousas como a web.

Anque a industria da gravación tivo éxito ó anular o poder de Napster, e os argumentos legais se referían ó furto do copyrighted da música, o significado técnico de compartir sen intermediarios os recursos é con moito máis grande que o futuro da industria musical. Setenta millóns de persoas usaban Napster soamente no seu primeiro mes de vida. Cando deceas de millóns de persoas unen o poder dos seus ordenadores, moitas cousas poden ser posibles.

Seti@home utiliza a enerxía improductiva de millóns de PC de buscar vida extraterrestre, mentres outras redes de CPU-compartido mediante redes de axuda de "distribución informática" para buscar novas medicinas, entender o sistema inmune, descifrar códigos, predicir o tempo. As redes sen fíos amosan que a comunicación de banda ancha pode ser un fondo común. Combinando a almacenaxe de datos, a informática, e o poder de comunicación de millóns de PC fai posibles novas clases de ciencia, negocios e empresas sociais baseadas no emerxente poder de millóns de individualidades.

Se combinamos o ordenador, a comunicación sen cables e os recursos compartidos do punto-a-punto, toda esa xente que hai nun edificio ou esa multitude que pasea pola rúa pode conectarse nunha rede ad-hoc.

Sen ben Internet foi moi influínte, boa parte dela quedou confinada ós ordenadores ou os taboleiros de anuncios, pero a comunicación móbil e as expansivas tecnoloxías informáticas están impregnando a nosa vida profesional e persoal coas capacidades de Internet. Como o microprocesador e a pantalla da televisión se combinan nunha nova tecnoloxía, a combinación do móbil e da Internet resultará máis trascendente que o correo electrónico ou as cotizacións bolsistas. A Internet móbil nun ambiente impregnado de informática será un novo medio coas súas propias propiedades.

¿A arquitectura e o regulamento desta emerxente Internet sen fíos será feita por e para uns poucos, en institucións altamente centralizadas como corporacións e gobernos, ou favorecerá as innovacións cooperativas de millóns de cidadáns?

A xente que compón a multitude elegante cooperan en camiños que nunca antes foran posibles xa que conlevan os dispositivos que posúen as dúas capacidades da comunicación e a computerización. Os seus dispositivos móbiles conéctanos con outros dispositivos de información no ambiente como farían con outros teléfonos da xente.

Os microprocesadores suciedade-baratos están fixados en todo desde as tapas das caixas de zapatos comezan a impregnar mobles, edificios, vecindades, produtos con invisible intercomunicación dos feitos da multitude. Cando conectan os obxectos e os lugares tanxibles das nosas vidas diarias coa Internet, a comunicación directa cambia nun mecanismo de control remoto que se pode levar ó mundo físico. O custo, o tamaño e o poder performático dos ordenadores, o vídeo, e das comunicacións sen fíos estanse movendo desde a industria

do ordenador cara á industria do fashion, como as factibles computadoras encaixadas en roupas convertidas nalgo rendible.



En última instancia, coas metodoloxías do par-a-par os sistemas da reputación que cobran confianza entre os estranxeiros, e as redes de banda ancha ad-hoc, fan posible dispositivos que serían desexados, comprados, e usados como moito para as súas capacidades sociais como para a súa utilidade como aplicacións da información.


Aí están os perigos como as oportunidades ó concertar a multitude elegante. Usei o mundo mundo 'mob' deliberadamente tirando das súas escuras resonancias. Os humanos usamos o noso talento para a cooperación co fin de organizar atrocidades. As tecnoloxías que permiten a cooperación non son patolóxicas per se: a diferenza das bombas nucleares ou os campos de minas, as tecnoloxías da multitude elegante teñen o potencial para ser usadas para o bo ou para o malo.

Sen embargo, anos antes do 11-S, ataque de 2001, o comentarista Thomas Friedman agoiraba referencias a "autorizacións individuais" como as de Osama Ben Laden que usou modernas tecnoloxías organizacionais de conexións á rede para executar actos de terrorismo. A corporación de análise RAND non pasou inadvertido xa que a mafia rusa e os narcotraficantes colombianos para xestionar os seus negocios usan netwar con métodos combinados de conexión á rede, á sociedade e outras formas de organización.

Por outra parte, cando a cooperación cambia, o avance da civilización e a vida dos cidadáns melloira. Esta é a grande oportunidade dos multitudes elegantes. A linguaxe, o alfabeto, as cidades, a prensa impresa non eliminaron a pobreza ou a inxustiza pero fixeron posible para numerosas persoas crear cooperativas tanto na ciencia como na democracia que incrementaron a saúde, o benestar ou a liberdade. De igual xeito que a medicina só se volve unha arma efectiva contra a enfermidade, cando a ciencia provista de todo o seu coñecemento sobre a natureza das enfermidades, o uso máis efectivo das tecnoloxías da comunicación e o ordenador poderían emerxer dende un novo entendemento científico da cooperación humana. A maior oportunidade para o progreso humano non está enraizado na electrónica senón na comprensión das prácticas sociais. Sociólogos, politicólogos, biólogos evolucionistas, e incluso estratexas de guerras nucleares contribuíron a dar as primeiras claves das que poderán emerxer unha ciencia interdisciplinaria de cooperación. As comunicacións móbiles e a expansión da informática teñen un gran potencial para a cooperación, maior aínda da que tiveron as tecnoloxías previas; unidas co novo coñecemento sobre as dinámicas sociais do colectivo de acción, as tecnoloxías da multitude elegante poderían facer posible a mellora da vida de billóns de persoas.

.....
Traducción S. Noia e A.R. López





Goana



Os poetas de Goa na lembranza

Vasco da Gama pasou e repasou por aqueles illotes das costas da India en Goa, ata que Afonso de Albuquerque a converteu en 1510 na capital do Estado Portugués da India. Albuquerque tomou a cidade e queimou os estaleiros do sultán. Por esta razón evoca Camoes, no seu Canto II-51: "Goa vereis aos Mouros ser tomada,/ A qual virá depois a ser senhora/ De todo o Oriente, e sublimada/ Co'os triunfos da gente vencedora./ Alí, soberba, altiva e exalçada,/ Ao gentio que os ídolos adora/ Duro freio porá, e a toda a terra/ Que cuidar de facer aos vossos guerra". O afán colonial de procurar especiarias cumpriuse nos versos de Camoes. Goa foi un fluír de xentíos occidentais, mariñeiros, mercaderes, condenados aos galeóns, franciscanos e dominicos que asentaron seus templos cargados de rigor medoño e de riquezas materiais. Pronto se impuxeron os xesuítas que en nome da evanxelización alzaron templos aposentados nos grandes negocios da época, nalgún deles estivo S. Francisco Xavier. Por Goa pasaron homes de letras da época como o propio Camoes, Garcia da Orta e Manuel Maria Barbosa du Bocage.

(Metrópole]

En Goa, no século XIX, creáronse condicións literarias que manifestaron aqueles poetas que foron recoñecidos e honrados por varios dos críticos literarios mais sobresaíntes de Portugal. O escritor e poeta goés, Orlando da Costa, nunha espléndida comunicación proferida na Conferencia Internacional *Vasco da Gama e a Índia*, realizada en París, en maio de 1998, co título: *A Literatura Indo-portuguesa Contemporánea: Antecedentes e Per-*

curso, manifesta o seguinte sobre os habitantes de Goa: "Uma sociedade exposta, como se sabe e já se disse, ás tentações e imposição da europeização, ao peso respeitável dos valores do cristianismo e aos acenos de promoção social segundo padrões da *Metrópole*. Digo Promoção social, não apenas no sentido estrito e fútil do termo mas, também, no sentido utilitário, no que respeita, por exemplo, a cargos e carreiras do funcionalismo público".

A situación que nos presenta Orlando da Costa é márcante en calquera dos parámetros da vida goesa. Mais no caso dos poetas, danse algunhas notábeis referencias que, estando en esas condicións, hai un certo desmarque ao procurar as raíces indianas, como é o caso de Cristóvão Aires que refuxia a súa poesía nos avatares festivos da India. Ou é a súa poesía a que prodiga potenciar as cancións populares, as festas e as danzarinas que proclaman cálidos perfumes da autenticidade da vida social e cultural que Goa bebe dos ambientes indianos. Nesta situación, atopamos a Mariano Gracias, sen récelo de dor busca a patria ¿que patria? Só no segredo do poeta temos que buscar. Como en Roque Bernardo Barreto Miranda vemos como buscou outras seducións populares cargadas de viveza satírica.

E desta xeración de poetas de finais do século XIX, destacamos a Paulino Días, o poeta que soubo entronizar esa filosofía brahmánica na literatura portuguesa –por certo moi pouco recoñecida esta súa faceta–. Xunto con Adeodato Barreto e Nascimento Mendonça, Paulino Días é un dos intelectuais de Goa, ademais de médico e profesor, foi un bo crítico literario que olfateou a mellor poesía que se

deu en Europa e Asia. Sobre todo a da India e a de Portugal. A súa poesía serve de punto de enlace entre dos mundos diferenciados entre si, o oriental e o occidental. O seu poemario: *No País de Súrria* compéndianse varios rexistros no que destaca a cultura e a mística budista, vertida á lingua e literatura portuguesa. Paulino Días abriu horizontes desde a súa Goa natal; tan amplos e sólidos que confirman que ler a súa poesía decatámonos que estamos ante un poeta universal.

O médico Floriano Barreto foi un poeta que estivo atento ás cantigas populares e á tradición oral de Goa. A súa poesía forma parte desas manifestacións que el evoca con mestría e desdobrou o sentimento que sentía pola súa comunidade. Foi, tamén, un gran sonetista. Nesta dirección apunta o gran poeta, Nascimento Mendonça, un ilustre avo que tivo á poesía por compañeira e libertadora de seus males. En opinión de Aleixo Manuel da Costa, "Nascimento Mendonça é o poeta que melhor cantou os motivos indianos. (...) As suas poesias são estatuetas de barro onde o buril do artista parece que se deleitou em esculpir traços desmaiados que não exprimem o valor primordial da obra ou buriladuras demasiadamente incisivas que lhes alteram a plástica nas suas linhas fortes e harmoniosas".

Outro avogado coa poesía ás costas, foi Telo Mascarenhas, que fixo estudos pre-universitarios en Goa e ingresou na Universidade de Coímbra. Foi notario e axente do Munisterio Público. Con Adeodato Barreto e José Paulo Teles fundou o *Instituto Indiano* e o xornal *Índia Nova*, na cidade de Coímbra. Tivo gran suceso a súa lírica que espallou en Portugal. *Râma e Sita*, detivo a atención do gran crítico literario e de arte como foi Júlio Dantas, que dixo: "*Râma e Sita* em que se condensa, com perfeito sentido da sua imortal beleza, o motivo lírico e heroico do Ramayana, puro clarão com que a alma hindú iluminou o mundo".

Noutras predisposicións atopamos a Hipólito de Meneses Rodrigues, evocando ás mulleres en lúdicas composicións. Mario da Silva Coelho, buscando as raíces e dando perfume as follas murchas da tradición hindú. Alberto de Meneses Rodrigues, creou e abriu os seus poemas dos lenzos da deslembanza. Laxmanrao Sardesai, coa carga de Goa no corazón, deu sentido a poemas inmorredoiros co seu pensamento e actitudes de pureza hindú.

Para entrar noutra dimensionalidade da poesía goesa é necesario facer parada ante a poesía de Adeodato Barreto, que só con 32 anos de vida legounos unha importante obra poética e de narrativa. Coa súa poesía viaxamos ao verbo da civilización hindú, á súa filosofía e ao seu humanismo. Na súa poética codificanse varios rexistros. A súa alta creatividade ficou exposta polo crítico Ruy Sant'Elmo: "É o poeta, aliando a sensibilidade ao pensamento, tentou traducir na sua lira as emoções profundas do Amor universal, que a contemplação da transcendente harmonia que a natureza nos desperta". A obra de Adeodato Barreto constata un antes e un despois bastante márcante na poesía goesa. Este termo o confirma o seu grande estudioso como é o poeta Orlando da Costa, que di: "De certa maneira, dentro dos limites da contemporaneidade, ou seja, de todo o tempo en que decorre este século, podería estabelecer para efeitos de análise e exposição, dois períodos –un antes e outro depois de Adeodato Barreto, tal a importância que eu atribuo à sua personalidade de criador literario e divulgador responsável e empenhado numa cultura, chamemos-lhe nativa, face a uma outra cultura, chamemos-lhe adoptiva". Pode que esta análise de Orlando da Costa, nos leve a cap-

tar a múltiple dimensionalidade de Adeodato Barreto. Eses cánticos indianos que nos ofrece no seu poemario: *O Livro da Vida*, ou en *Civilização Hindú*. Na orde filosófica e humanista, fainos virar a ollada a ese círculo cultural en que os naturais de Goa respiran o ar pleno da terra coa lingua prestada de outra patria.

Na percepción de Adeodato, foron fieis a súa terra R.V. Pándit, tal como espreme as esencias do verbo nativo. Así continúan outros poetas á procura das augas claras e vivas da verba portuguesa erixida en Goa, como é o caso de Mario do Carmo Vaz e Alfredo Bragança. Mais o apelo á palabra portuguesa florece en seu mais nobre rexurdimento na poética de Orlando da Costa. Un poeta que vive desde moi novo en Portugal, un vello loitador contra o réxime salazarista desde os anos cincuenta ata a súa caída. Mais é un escritor con raíces na súa Goa natal, que aínda espreme a savía que fai florecer na súa literatura. Orlando da Costa non é un escritor de referencias sobre Goa, dela escribe romances tan perfilados nesa realidade como a que manifesta na súa novela: *O Último Olhar de Manú Miranda* (2000). Orlando é un escritor que continuamente volta ao mundo das súas propias orixes, onde xa calquera das manifestacións lusófonas foron afastadas desde 1961, ano da integración forzosa de Goa á India.

Dos poetas nados na década dos trinta atopamos variadas entregas líricas e heteroxéneos rexistros. Os de José Rangel, un pouco asentado na tradición dos poetas anteriores. As súas composicións están orientadas cara a un contexto social e crítico. Remígio Botelho, estivo motivado por diversos escenarios costumistas. Ciriano Valles, ofrécenos versos da súa contemplación sobre o misterio da natureza manifestada nas paisaxes de Goa. Vimala Devi, en 1958 trasladouse a Lisboa, viviu en Londres e desde hai anos vive en Barcelona. A súa poesía, aínda que ten certas marcas de orientalismo, está impregnada do acervo literario occidental, tal como o confirmou o crítico, João Gaspar Simões. Por un itinerario parecido ao de Vimala, están os versos de Judit Beatriz de Sousa, unha goesa nutrida cos esencias e particularidades da poesía europea. De todo este mosaico de poetas de Goa, resta mencionar a un gran poeta como foi Ruy Nazaret, de formación médica e estivo a cabalo dos séculos XIX e XX. Residiu en Portugal e a súa poesía foi de corte social, revolucionaria e amorosa. Nazaret foi un poeta contundentemente lírico e un home comprometido coa loita contra o réxime salazarista. A poesía de Ruy Nazaret está espallada en diversas publicacións das que non dispoñemos para poder ofrecer seus versos aos lectores.

A integración de Goa ao resto da gran familia da India, xa como provincia federada, eliminou a lingua e a literatura portuguesa e agora só o inglés e a lingua hindú da zona teñen seu predominio. Unha nova poeta de Goa, como Eunice de Souza, compón seus poemas coas lembranzas que súa avó memorizou da presenza portuguesa, mais non en idioma portugués só en inglés. É obvio que as antigas colonias portuguesas en Asia: Goa e Macau, integradas na India e na China, respectivamente, teña desaparecido calquera manifestación da potencia colonizadora. O caso de Timor, no mesmo continente, coa súa independencia fortalece a lingua portuguesa e prométele un futuro viábel. É de xustiza lembrar aos poetas, nativos de Goa, que sementaron verbas da lingua portuguesa e da cal recolleemos este florilexio que aquí presentamos.

CRISTÓVAO AIRES

(1853-1930)

Às lânguidas canções das indianas festas
respondiam ao longe as murmúrias florestas:
o vento baloiçava as finas arequeiras,
as filhas de Vixnú, tismadas bailadeiras,
imitavam, dançando, as curvas da serpente.

Doirava do pagode os brancos alabastros
A Lua, avassalando o céu crivado d'astros.

Andavan na atmosfera uns cálidos perfumes,
e à luz d'estrelas mil brilhavam, como lumes,
nos vermelhos turbantes,
mesclados os rubis, as perlas e os brilhantes.
Crizavam-se no ar milhoes de vagalumes,
e as graves orações d'austeros celebrantes,
como um murmúio imenso,
subiam até Deus nas espiras do incenso.

Ardiam brandamente
nas caçoulas de prata e mirra deliciosa,
o aloés, a baunilha, o sândalo e a rosa.
A voz dos sacerdotes
rumiava docentemente
as súplicas e os hinos,
à santa romaria os tardos peregrinos
acorríam brandindo os fufufus archotes

E ninguém falta à festa, os velhos, as crianças,
mulheres matizando as longas, netran tranças
do ouro, dos rubis, das flores predilectas,
dos perfumes subtis, das jóias mais selectas.

.....
Fragmento do poema 'Assistindo à Representação de Sacuntala'

MARIANO GRACIAS

(1871-1931)

.....
É dor de mais – por não é?!
Casimiro de Abreu

Ter Pátria e estar desterrado,
Sempre gemendo e chorando;
Ter vida e, de quando em quando,
Afundar-se em agonia,
Ter amor não sendo amado,

Ai! ter tudo e não ter nada,
Sentir est' alma enlutada,
Mais e mais, de dia a dia,
Não ter luz e não ter fé...
“É dor de mais – pois não é?!”

.....
O poema titúlase 'Dolor'

R.B. BARRETO MIRANDA

(1872-1935)

Qual formiga tem de ser
Quem queira açúcar comer.

Tem que ser muito pequeno
e humilde como a formiga.
se quer viver bem, sereno.

Aos Giumentos

Sempre a mulher linda seduz...
Casada ou não, a sua beleza
Não tem senhor, é como a luz,
Pertence a toda a natureza.

.....
